

# Atrapa-lo espacio a través do chumbo

**A** obra de José M<sup>a</sup> Alcover que estes días se pode contemplar na Galería Trinta parece querer atrapa-lo espacio. Toda ela está feita cun material pesado, o chumbo, co que se ben non o envolve por completo asíntalle un duro golpe.

Alcover modelou unha vintena de pezas como o artesán que cada mañá se levanta para elabora-lo pan. Este escultor na artesa amasa o chumbo que estende no chan e unha vez ben estendido dálle forma, repre-gándoo para apropiarse dunha pequena extensión de cosmos que se torna maior ou menor segundo a cantidade de chumbo empregado en cada peza. As pezas unha vez forneadas ofrécesenos á vista ordenadas, redundantes, dispersas como formando constelacións terreaís. Esta ordenación foi producto do azar, en van podemos buscar outras posibles lecturas a esta obra, non as atoparemos. A ausencia dunha lectura da obra é algo típico de toda a arte minimalista en xeral. Poderíase cualificar a este artista de povera pero se o fixeramos entraríamos nun terreo esvaradío porque o chumbo é un material pobre pero só se o comparamos co ferro ou co aceiro; se o comparamos co carbón ou coa madeira, evidentemente non poderíamos aplicarlle tal cualificativo. Por iso o traballo que nos brinda a oportunidade de contempla-la Galería Trinta cremos que se move nas coordenadas do minimalismo e da arte conceptual. Como nestes movementos artísticos o último traballo de Alcover caracterízase pola planitude, a textura, a dimensión, anque para percibilas non se poidan separar unha das outras pois todas aparecen fundidas. Nós como espectadores sentímonos inquedados, xa que no intento de buscar máis lecturas seguro que non as atopamos, suspéndenos un sentimento de estrañeza como nolo podería su-xerir a obra de Carl André.